

**Acta núm. 3/2019.****Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local****do 24 de xaneiro de 2019.**

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste: José Luis García García.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.30 horas do 24 de xaneiro de 2019, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside a 1ª tenente de alcalde Yolanda Bouzas Alfonsín, en substitución da alcaldía, e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

1º.- Acta anterior correspondente ao día 17 de xaneiro de 2019.

2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).

3º.- Licenzas de obra menor.

**PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 17 DE XANEIRO DE 2019.**

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 17 de xaneiro de 2019, acta núm. 02/2019.

**SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).**

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por DAVID CAMIÑO QUINTELA, na que comunica que vai demoler e construír un peche de 65 m. de lonxitude e 1,50 m. de alto, con postes metálicos e arame e colocar unha "malla de ocultaci3n" no interior da parcela da Rúa do Moutello 1, Brión.

A parcela onde se pretenden executar as obras at3pase sobre un ámbito de solo clasificado como solo urbano, séndolle de aplicaci3n a ordenanza nº2 (UC-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condici3n:

.- A altura da "malla de ocultaci3n" non poderá ser maior de 1,20 m. medidos desde a rasante natural do terreo.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSE MANUEL LORENZO CASANOVA, na que comunica que vai pintar o exterior da vivenda de Brión de Abaixo 23, Brión, e colocar pedra no recercado das ventás.

A parcela onde se pretenden executar as obras atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo rústico de protección agropecuaria, séndolle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016, do solo de Galicia, para o solo rústico, en aplicación do disposto na disposición transitoria primeira letra 2.b).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha instancia presentada por Enrique Valero Gutiérrez del Olmo, de solicitude de modificación da comunicación previa para instalar un galpón en Piñeiro, Os Ánxeles, e da que tomou coñecemento e autorizou as obras a Xunta de Goberno Local o 06.06.2018.

As modificacións consisten en:

- Aumento da superficie construída inicial de 18 m<sup>2</sup> a 36 m<sup>2</sup>.
- Cambio da tipoloxía do galpón, que inicialmente era de madeira e cuberta de tella, e agora será construído con bloques de formigón revestidos e pintados e cuberta de tella.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda tomar coñecemento da modificación e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa condición de que a distancia do galpón ao eixe do vial público sexa como mínimo de 8,5 m.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

### **TERCEIRO.- LICENZAS DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Juan José Coiradas Sambade, que di actuar en representación de UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD S.A, na que solicita licenza para realizar obras de infraestrutura soterrada derivando o condutor RZ 25 existente no apoio HV-250-10 ata a situación da CPM do cliente no límite da súa propiedade coa vía pública en Piñeiro, Os Ánxeles. Para a canalización do mencionado condutor realizárase unha gabia cunha lonxitude total de 24 m. segundo proxecto asinado polo enxeñeiro técnico industrial Pablo López Alonso, visado no Colexio de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña, con data 20/12/2018, visado nº 3938/18-CO.

A parcela á que se pretende dar o subministro de enerxía eléctrica está clasificada polo PXOM como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación (NRL-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, acorda por unanimidade conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

.- Como garantía, imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 237,92 €, que deberá presentar no concello, con anterioridade á expedición da licenza.

Xíranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

Declarouse rematado o acto e a sesión foi levantada sendo as 13,35 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde

O secretario

Vº e Prace

José Luis García García

Javier Nieves González